SANTIAGO DE COVELO

Comunidade titular: Parroquia de Santiago de Covelo (Covelo)
Forma xurídica: MVMC
Superficie: 648 ha
N.º de comuneiras/os: 55 (4 mulleres, 51 homes)
N.º mulleres no órgano de goberno: 0

Bidueiral rexenerado no río do Souto

As Caldiñas, no río da Ponte Piñeiros

CONTEXTO

Situación

O monte veciñal encóntrase entre as serras do Suído, Faro de Avión e Paradanta, abranguendo a parte sur do macizo de Fontefría. O monte sitúase principalmente ao leste dos 11 núcleos de poboación que conforman a parroquia, atravesado polos ríos de Toxedos, Ponte Piñeiros e Coveliño ou do Souto, tributarios do río Tea. Nos Altos de Fontefría varias brañas (Chan de Lodoso, Lameiro da Verea, Porta do Boi e Chan da Lagoa) alimentan este sistema fluvial.

Síntese histórica

O couto ou xurisdición de Covelo, cuxo señorío estaba en mans da Casa de Amarante, abarcaba varias parroquias, incluíndo a de Santiago de Covelo, onde tiña a súa cabeceira. Tanto no testamento de Dona Aldonza de Soutomaior, de 1566, como nunha toma de posesión de 1618 faise referencia aos montes como parte integrante dos dereitos xurisdicionais do señorío, que tería polo tanto o dominio directo sobre os mesmos, mentres que nas comunidades veciñais mantiñan o dominio útil. Durante os séculos XVI, XVII e XVIII foron abundantes os preitos entre lugares polos aproveitamentos dos montes abertos, destacando unha concordia de 1671 relativa aos montes de Santiago de Covelo.

Logo da usurpación por parte do municipio e do Patrimonio Forestal do Estado, que interrompeu o aproveitamento agrosilvopastoral, o monte de Covelo é clasificado como veciñal en man común en 1979. A xestión pública deixou un monte dominado polas plantacións forestais de piñeiro (sobre todo *Pinus sylvestris*), aínda que a cría de gando en extensivo continuou tendo grande importancia. Na última década, o territorio da comunidade ten estado repetidamente ameazado con proxectos de parques eólicos e as súas liñas de evacuación.

Lobo ibérico (*Canis lupus signatus*) en Fontefría

Toupa de río (*Galemys pyrenaicus*) [D. Pérez]



Brións de *Sphagnum spp.* nunha turbeira (C. Fischer)

AUTORÍA E CONTRIBUCIÓNS

Joám Evans Pim
Alexandre Cendón
Daniel Cara Gil
Belén Albor
Bruno Ruival

Fontefría, á esquerda o Montouto

VALORES DE CONSERVACIÓN

Entre as zonas húmidas presentes no territorio veciñal destacan as Brañas da Porta do Boi, un tremedal oligotrófico (7140) que ocupa na actualidade unha extensión de 2,3 hectáreas e que ten especial importancia na regulación do ciclo da auga para as traídas veciñais. Localmente coñecidos como "porcas preñas", este tipo de turbeiras caracterízanse pola presenza de abombamentos de brións de *Sphagnum spp.*, responsábeis da retención da auga, e por especies como a orquídea maculada (*Dactylorriza maculata*) ou a orballiña (*Drosera rotundifolia*). Outras turbeiras de características similares son a Braña da Rega de Coallos (contigua á anterior) e a Braña da Chan de Lodoso, todas elas incluídas no Inventario de Zonas Húmidas da Galiza. A existencia de pasteiros e cría de gando en semiliberdade nas zonas contiguas xoga un importante papel na conservación destes hábitats, así como dos queirogais húmidos (4020*) presentes en distintas zonas do monte.

Estas brañas alimentan o río da Ponte Piñeiros que, xunto con outros pequenos regos, vertebra o territorio comunitario presentando bosques aluviais (91E0*). Entre as especies asociadas encóntrase a ra parda (*Rana iberica*) e a píntega rabilonga (*Chioglossa lusitanica*). Tamén existen amplas zonas de carballeiras (9230) ben conservadas. Entre a fauna cabe salientar a presenza do lobo (*Canis lupus signatus*), do corzo (*Capreolus capreolus*), do porco bravo (*Sus scrofa*), da tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) e das toupeiras de auga (*Galemys pyrenaicus*), ademais de contar nos piñeirais de Fontefría cunha das poucas poboacións reprodutoras de bicotorto común (*Loxia curvirostra*) da Galiza.

Entre o patrimonio cultural presente no territorio veciñal inclúese o castro de Covelo, o asentamento romano de Coto Grande e os túmulos megalíticos da necrópole de Porto do Boi e da mámoa da Rega dos Coallos, cuxa catalogación foi promovida pola propia comunidade a partir dunha prospección arqueolóxica, así como varios petróglifos e cruces de termo, incluíndo os do Couto de Coallos, asociada na tradición oral con propiedades máxicas contra o 'ollomao' (mal de ollo). Destacan ademais un importante patrimonio etnográfico de muíños, canles de rega e pontellas, así como varias corredoiras tradicionais, algunhas empedradas e en excelente estado de conservación.

Cabalos bravos no monte

BOAS PRÁCTICAS

Protección das turbeiras

A pesar da súa importancia ecosistémica, as turbeiras das Brañas da Porta do Boi estaban a sufrir un proceso de degradación, sobre todo pola falta de coñecemento local sobre a súa importancia, por exemplo, pola circulación de vehículos a motor. A comunidade optou por concienciar a poboación sobre o papel destes hábitats, instalou paneis informativos e peches en zonas de paso. Tamén facilitou o seu estudo e investigación, o que levou á emisión en 2022 dun informe elaborado pola Universidade de Santiago de Compostela que deu lugar á súa inclusión no Inventario de Zonas Húmidas da Galiza.

Acordos e restricións cinexéticas

A caza é unha actividade tradicional arraigada na zona, estando cedidos os dereitos cinexéticos dos territorios comunitarios á sociedade de caza "A Covelense". A comunidade optou por iniciar unha negociación coa sociedade que permitise compatibilizar esta actividade cos obxectivos de conservación do territorio. Froito dese diálogo asinouse un acordo entre as partes que estableceu restricións cinexéticas máis alá das xa establecidas pola normativa vixente, incluíndo a prohibición total da caza de corzos (*Capreolus capreolus*), de modo que se facilitase a recuperación da especie na zona. Ademais, a comunidade tamén apostou por medidas para mellorar a convivencia entre as poboacións de lobo (*Canis lupus signatus*) e o manexo de gando en réxime de semiliberdade.

Eliminación de eucaliptais e consolidación de masas de frondosas

Das case 700 hectáreas do territorio comunitario, a metade corresponden con masas arbóreas compostas por plantacións de piñeiro, bosques de ribeira e pequenos bosques autóctonos incipientes de rexeneración natural, mentres que a outra metade presenta matogueira e pasteiros.

Panel interpretativo na turbeira da Chan de Lodoso

A comunidade eliminou a totalidade do eucalipto (*Eucalyptus globulus*) presente no monte, substituíndoo por bidueiros, e mantén un exhaustivo programa de coidado e rexeneración do bosque autóctono nas vagoadas e arredor dos ríos, facilitando a rexeneración natural e plantando outras especies autóctonas para diversificar e aumentar a diversidade das masas de frondosas.

Conservación e divulgación do patrimonio natural e cultural

En 2008 a comunidade encomendoulle a un arqueólogo a elaboración dun "Plan de usos e rendibilización do patrimonio cultural", que implicou unha prospección arqueolóxica sistemática de todo o monte. Esta investigación fixo posíbel a catalogación de varias mámoas, petróglifos, un castro e até un asentamento romano. Tamén se realizou un levantamento do extenso patrimonio etnográfico existente no monte, incluíndo cruces de pedra, petos de ánimas, gravados de termo, pontellas, muíños, pozas de regadío, etc.

Plantación de bidueiros no monte de Coveliño sobre antigo eucaliptal

Muíño do Cubo na Portagrela

Para a posta en valor deste patrimonio, a comunidade asumiu a restauración de varios muíños e da contorna do castro de Covelo coa súa cruz e petróglifo. A práctica totalidade dos elementos do patrimonio cultural foron sinalizados e integrados no roteiro circular de sendeirismo da "Corredoira da Pedra do Lobo", con case 10 km, acondicionado pola comunidade con fondos do programa Leader. O roteiro permite coñecer cada un dos hábitats naturais presentes no territorio veciñal e os distintos usos e aproveitamentos tradicionais.

O papel dos grandes herbívoros

A presenza de grandes herbíboros, tanto salvaxes (como o corzo) como semisalvaxes (como os garranos) teñen unha enorme importancia ecosistémica, non apenas para o control da biomasa e prevención de incendios, mais tamén para a recuperación e conservación de determinados hábitats (como as turbeiras) que se degradarían na ausencia destes animais. Os diferentes herbívoros realizan un papel complementario e numerosos estudos demostran que a combinación de especies con requirimentos e dietas complementarias favorecen a rexeneración e a biodiversidade.

Os grandes peches perimetrais ou os peches virtuais para a xestión de gando en extensivo ou rexime de (semi-)liberdade poden ser un bo xeito de recrear condicións similares ás xeradas por grandes herbívoros salvaxes sempre que a carga sexa adecuada

Pasteiro e sendeiro na Lucenza

FONTES E RECURSOS

- Cendón, A. (2010). "As tres funcións do monte para unha xestión perdurábel: CMVMC de Santiago de Covelo," *Cerna*, 62: 36-37. Dispoñíbel en: https://adega.gal/web/media/documentos/C62-P36_37.pdf
- Cendón, A. (2018). "Santiago de Covelo Common Hand Community Land: combining ecological, social and productive functions for sustainable management". ICCA Registry. Dispoñíbel en: https://www.iccaregistry.org/en/explore/Spain/santiago-de-covelo
- Couto González, S. et al. (2018). Report: Facilitating Grassroots Analyses and the Participatory Development of a Photo Story on Threats to "Santiago de Covelo Neighbour Woodland" ICCA and Community Responses. Geneva: ICCA Consortium. Dispoñíbel en: https://www.iccaconsortium.org/wp-content/uploads/2018/06/Report-on-MVMC-Santiago-de-Covelo.pdf
- Escarabajo Verde (2019). "Tres montes vecinales" [minidocumental]. Dispoñíbel en: https://www.rtve.es/play/videos/el-escarabajo-verde/escarabajo-verde-tres-montes-vecinales/5025714/
- Fondo Documental do Monte Galego (1977). Carpeta ficha do monte veciñal en man común de Covelo. Dispoñíbel en: https://documentacionmontegalego.xunta.gal/gl/documentos/carpeta-ficha-do-monte-vecinal-en-man-comun-covelo-clasificado
- Lamas Bértolo, J. (2009). "Prospección arqueolóxica para o Plan de usos e rendibilización do patrimonio cultural da CMVMC de Santiago de Covelo," in Varela Campos, M.P., Coord. pp. 21-22. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Dispoñíbel en: https://issuu.com/davidabella/docs/actuacion_s_arqueoloxicas_2008
- Pontevedra Pombal, X., et al. (2022). Revisión de varios hábitat de turbeira no Monte Veciñal de Santiago de Covelo. Lugo: Universidade de Santiago de Compostela, Grupo de Estudos Ambientais Aplicados ao Patrimonio Natural e Cultural.

A COMUNIDADE NA REDE

CMVMCdeCovelo

CAPRIf-CC

Socios:

Fundación Juana de Vega

CENTRO DE ESTUDIOS EUROREXIONAIS GALIZA NORTE DE PORTUGAL

montescola

CETEMAS
CENTRO TECNOLÓXICO FORESTAL Y DE LA MADERA

Financiado por:

GOBIERNO DE ESPAÑA
VICEPRESIDENCIA TERCERA DEL GOBIERNO
MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO

Fundación Biodiversidad

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU

CAPRIf-CC

O proxecto CAPRIF-CC conta co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea - NextGenerativoEU.